

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 7 de setembro de 2015

HORA DE COMEZO: 20:45 h.

HORA DE REMATE: 21:45 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos,

SUPLENTE: D<sup>a</sup> Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 24 de agosto de 2015.

**URBANISMO E PATRIMONIO**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 3 DE SETEMBRO  
DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS  
DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.603.- A M. D. H., para en David Cal 14 - Hío, en solo urbano, regulado pola ordenanza 5, ampliar o aproveitamento baixo cuberta nunha superficie de 23,34 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto do Arquitecto José Dominguez Nieto, visado o 15 de xullo de 2.015, condicións importas pola Deputación Provincial en escrito de data 29 de xullo de 2.015 e a formalizar ante o Catastro 'a modificación que expón a presente licenza.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

\*\*\*

EXPEDIENTE 25.535.- A G. P. B., para en Manuel Vivero 2 - baixo - Coiro, acondicionar un local existente para destinalo a vivenda en 75,21 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto do aparelador Emilio Camaño Malvido, de 3 de xuño de 2.015 e a formalizar ante o Catastro a modificación que expón a presente licenza.

Esta licenza outorgase coa condición de que se obteña a autorización para o cambio de uso, da comunidade de propietarios, de ser preceptiva pola lexislación de aplicación.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.499.- J. B. C., reparación de muro en Piñeiro - Bacelar - Aldán.

**\*\*\*retirar este expediente\*\*\***

EXPEDIENTE Nº 25.566.- J. A. D., escavación para cambio de rasante en Gandón 71 - Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.584.- M. L. M. C., cambio de tella EN Estrela 4 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.587.- S. G. G. G., picado, limpeza e encintado de fachada en Pablo Iglesias 17 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.576.- E. C. R., reparación exterior en Loureiros 10 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.588.- C. M. G., cambio de tella e reparación de cuberta en Arco 18 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.594.- P. S. S. D., cambio de material de cubrición en Río de Esteiro 55 - Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.595.- GAS GALICIA S.A., canalización para gas en Paraíso 31 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.598.- E. R. G., substitución bañeira, alicatado e pintado en Avda. De Vigo 101 Io E - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.600.- J. e M. L. G. P., reparación fachada en A Unión 87 - Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.601.- A. G. J., cerco lateral e cenador en Castrillón 8 A - Coiro

EXPEDIENTE Nº 25.602.- M. C. G. S., colocación de tella e reforma parcial cuberta en Piñeiro 40 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.604.- J. L. M., nivelación terreo e instalación piscina desmontable en Retirosa 66 - C - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.607.- G. D. I., acondicionamento de local en Avda. De Galicia 5 - local 1 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.608.- COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA. DE VIGO 103, cambio material de cubrición en Avda. De Vigo 103 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.613.- R. R. F., modificación porta entrada e baño en Castelao 7 baixo - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.615.- J. A. M., cambio material cubrición en Retirosa 56 - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.622.- GAS GALICIA S.A., canalización para gas en camiño Castiñeira e outros - Igresario - Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.623.- GAS GALICIA S.A., canalización para gas en Telleiro 29 - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.624.- GAS GALICIA S.A., canalización para gas en Avda. Coruña 7 6 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.626.- E. L. G., limpeza e substitución tella en Airiños do Monte 31 - Darbo.

EXPEDIENTE nº 25.628.- A. C. M., reparación cuberta en Avda. Moaña 27 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.629.- A. R. F., formación de terrazas en A Torre 26 - San Pedro - Darbo.

#### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.819.- NAVIERA MAR DE ONS S.L., almacén de repostos náuticos en Aldea de Arriba 5 - Coiro.

#### **4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

4.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 14/2015-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 26.8.15, referente ao expediente de infracción urbanística nº 14/2015-S, que é como segue:

*"EXPEDIENTE Nº 14/2015-S*

*PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Resultando que no lugar da Rosada, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha edificación de vivenda unifamiliar sen axustarse á licenza nº 20939, e sen dirección técnica de obra.*

*Resultando que, con data 20 de xullo de 2015 a Xunta de Goberno Local modifica a referida licenza.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, C. U. P. N., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.*

*Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.- euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ao infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.*

*Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, do 4 de agosto., e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.d. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en*

*materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello, Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación do día 16 de xuño de 2011.*

*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.*

*QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como, a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.*

*SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.*

*SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.*

*OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 14/2015-S.

## **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

### **5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 27.8.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

#### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante tralo informe social e proxecto de Intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concesión do SAF a F.R.V.L., pola quenda de libre concorrencia con expediente nº 36008/02/002181e de acordo aos seguintes detalles:*

- Prestacións e atencións de carácter psicosocial por acompañamento e desprazamento.*
- Número de horas realizadas o 21 de agosto de 2015: 2 horas.*
- Custo total do servizo: VINTE E CINCO EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (25,94 €) (12,97 €/hora).*
- A achega económica da persoa usuaria, segundo a súa capacidade económica e atendendo a súa situación de ausencia de ingresos económicos e exclusión social, sería de 0 €.*
- O servizo de SAF realizouse o 21 de agosto de 2015."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

### **6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE XANTAR NA CASA**



Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 27.8.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Xantar na Casa, que di:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Estanislao Graña García, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)*

*En relación ao Servizo de Xantar na Casa e examinado informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:*

*\* Baixa no servizo a R.C.V., con expediente nº 36008/01/001239."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

**7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL**

Examinada a proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do día 3.9.15, relativa á concesión de axudas do Servizo Municipal de Emerxencia Social, que di:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Tomás Hermelo Álvarez, en calidade de concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)*

*Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por R.A.F., con DNI nº 10856379 B, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica de CINCOCENTOS TRINTA E E DOUS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (532,51 €)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

**ENSINO E DEPORTE**

**8º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE ENSINO E DEPORTE S/RATIFICACIÓN DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE CATERING DE COMEDORES ESCOLARES CURSO 2015-2016**

Vista a proposta do día 3.9.15 da Concellería de Ensino e Deporte, referente a adxudicación do servizo de catering e de persoal monitor/a coidador/a de comedores escolares, curso 2015/2016, que di o seguinte:

#### PROPOSTA DE ALCALDÍA DE ADXUDICACIÓN

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 10 de agosto de 2015 acordou aprobar o expediente de contratación de prestación do Servizo de Catering e de Persoal Monitor/a-Coidador/a de comedor escolar para os Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2015/16 e 2016/17 por procedemento aberto e tramitación urxente, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, autorizando o gasto, polo importe de 12.375,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326.22799.01 do vixente orzamento municipal para o exercicio 2015.

Visto que de conformidade co certificado de Secretaría presentouse en tempo e forma á licitación a empresa SERUNIÓN S.A, en data 2 de setembro de 2015, con núm. de rexistro de entrada 11397.

Visto que o día 2 de setembro de 2015 foi constituída a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas e que, unha vez aberto o sobre A e non apreciándose deficiencias procedeu a apertura do sobre B, valorando o proxecto técnico presentado polo licitador, o cal se trasladou ós asesores técnicos da mesa para a súa avaliación.

Visto que recibido o informe de valoración do Sobre B procedeuse pola mesa de contratación á apertura do sobre C, que contén a oferta económica resultando un prezo por xantar/comensal/día de 3,19 euros máis 0,32 euros de IVE (10%); realizándose a proposta de adxudicación a favor da empresa SERUNIÓN, S.A con CIF núm. A59376574.

Despois de examinar a documentación achegada de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Requerir a SERUNIÓN, S.A, como licitador que efectuou a oferta máis vantaxosa para que, de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación seguinte:

- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
- Documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

- Garantía definitiva do cinco por cento (5 %) do importe de adxudicación, IVE excluído

SEGUNDO. Adxudicar, previo presentación en tempo e forma da documentación requirida no apartado cuarto desta resolución o contrato de servizo de "Servizo de Catering e de Persoal Monitor/a-Coidador/a de comedor escolar para os Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2015/16 e 2016/17" a SERUNIÓN S.A., por importe de 186.381 euros IVE incluído.

TERCEIRO. Que se lle comuniquen os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Concellería de Ensino e Deporte, referente a adxudicación do servizo de catering e de persoal monitor/a coidador/a de comedores escolares, curso 2015/2016.

### **9º.- PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE ENSINO E DEPORTE S/APROBACIÓN DAS BONIFICACIÓNS DOS COMEDORES ESCOLARES CURSO 2015-2016\_\_\_\_\_**

Examinada a proposta do día 4.9.15 da Concellería de Ensino e Deporte, referente a aprobación definitiva das axudas do servizo do comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP de Nazaret, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira, e CEIP da Rúa, para o curso 2015-2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar a mencionada proposta da Concellería de Ensino e Deporte, referente a aprobación definitiva das axudas do servizo do comedor escolar destinado a alumnos/as de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP de Nazaret, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira, e CEIP da Rúa, para o curso 2015-2016.

### **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

#### **10º.- ESCRITO DE I. E. F. A. S/COMUNICACIÓN DE BAIXA DE POSTO DE VENDA DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL**

Visto o escrito presentado o día 1.9.15 por I. E. F. A., no que solicita se lle conceda a baixa do postos nº 6 de venda de peixe da Praza de Abastos Municipal que ten concedido ao seu nome.

Examinado, así mesmo, o informe emitido pola Tesourería Municipal no que se indica que a data do 4.9.15, figuran pendentes de pagamento dous recibos do ano que andamos; un da Praza de Abastos do mes de agosto e outro recibo anual do ITVM .

Inclúese no expediente de solicitude de baixa, informe do día 4.9.15 dos conserxes do Mercado Municipal, no que se indica o seguinte:

*"INFORME DOS CONSERXES DO MERCADO*

*Pola presente expoñemos que:*

*Con base na solicitude realizada polo Departamento de Tesourería do concello referente ao posto de venda de peixe núm. 6 que consta a nome de I. E. F. A. informamos que:*

*- Permanece sen actividade comercial desde agosto de 2014, e non nos consta que se presentara xustificación ningunha.*

*- Ademais, segundo a revisión feita polos electricistas municipais o 3 de febreiro de 2015, dito posto ten o motor da neveira avariado e a porta da neveira non pecha.*

*- Achegamos copia dos informes que se presentaron no seu día relacionados con este asunto."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos polo Departamento de Tesourería e conserxes do Mercado Municipal, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Requirir á Sra. F. A., para que realice o pagamento dos recibos que figuran pendentes de aboar. Así mesmo, deberá deixar o posto de venda de peixe nº 6 da Praza de Abastos Municipal, nas mesmas condicións en que as recibiu cando asinou o contrato de titular do referido posto.

SEGUNDO.- Mentres non se cumpra, por parte da Sra. F. A., o apartado primeiro do presente acordo, non se procederá a conceder a baixa solicitada, e polo tanto seguiranse a pasar os recibos correspondentes polo posto nº 6 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal de Cangas.

\*\*\*de conformidade, así mesmo, co indicado no art. do Regulamento do Mercado Municipal ....

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á interesada, concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, Departamento de Tesourería e aos conserxes do Mercado Municipal.

**MOBILIDADE E TRANSPORTE**

## 11º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

### 11.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

<b>NOME</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
M. J. M. G. (presidenta da CC.VV. "La Choupana Urbanización)	A Choupana, nº 11-Darbo. Condiciónase a instalación de sinal de pasaxe permanente en lugar visible e, así mesmo, deberase pintar unha liña amarela lonxitudinal continua no rebaxe da beirarrúa de acceso ao garaxe. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

### 11.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

<b>NOME</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
J. B. S.	Camiño dos Pinos, nº 1-O Espírito Santo-Coiro. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 730, concedido en X.G.L. do día 4.3.09 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

M. S. N. R.	Baixada a Areamilla, nº 16-Darbo. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 648, concedido en X.G.L. do día 3.7.07 á interesada. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.
R. D. R.	O Tobal, nº 37-A-San Roque-Darbo. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 714, concedido en X.G.L. do día 15.10.08 ao interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

### 11.B) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

1.- D. R. A., administrador da CC.PP. do edificio "Andalucía, 8-10", para sinalización horizontal (pintado de liña amarela) enfronte do portal do garaxe sito en Rúa Andalucía, nº 8-10-Cangas.

### 11.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/RESTRICIÓN DE ESTACIONAMENTOS EN RÚA LIRIO CON RÚA SOL

Visto o informe emitido o día 6.8.15 pola Policía Local, con referencia a problemática xurdida na confluencia das rúas Lirio con Sol, que di o seguinte:

*"Nº REX: 1250/15*

*ASUNTO: RESTRICIÓN ESTACIONAMIENTOS EN R/LIRIO CON R/SOL*

*O axente da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052014, por medio do presente, Informa:*

*Que sendo as 11:05 horas do día da data, despois de numerosas chamadas durante varios días a esta xefatura, por vehículos estacionados na confluencia das rúas Lirio e Sol, impedindo o paso de persoas con mobilidade reducida que residen nestas rúas, presentado no lugar pódese comprobar como efectivamente os vehículos estacionan durante horas na rúa Lirio á altura do nº 9, facendo imposible o paso e a parada dos vehículos que transportan as persoas con mobilidade reducida que viven no lugar.*

*Sería convinte a colocación dun sinal de entrada prohibida ou liña amarela para impedir o estacionamento na zona."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que por parte da Oficina Técnica Municipal e da Policía Local se proceda, á maior brevidade posible, á sinalización de entrada prohibida na confluencia das rúas Lirio con Sol, para favorecer a accesibilidade e mobilidade dos/as veciños/as.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo a Oficina Técnica Municipal e á Policía Local.

#### 11.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/REORDENAMENTO EFECTIVO DA RÚA CANABÉS DE ABAIXO

Este punto foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

### **PERSOAL**

#### **12º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN**

Examinado o convenio asinado o día 3 de agosto do 2015 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia ós departamentos de Contratación e Intervención.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE CANGAS"**

Dáse conta da acta asinada o día 2.9.15 da mesa de contratación do servizo de "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE CANGAS", que é como segue:

*"ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE 'SUBMINISTRACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE CANGAS'*

*Na sala de reunións contigua á Alcaldía, sendo as 9:45 horas do día 2.9.2015, previa convocatoria, reúnense os membros da mesa de contratación que a continuación se indican co obxecto de avaliar a documentación achegada na presente licitación do 'CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE CANGAS'.*

*Asistentes á reunión:*

*Presidente: Xosé Manuel Pazos Varela- alcalde*

*Vogais:*

*Berta Alonso Soto- secretaria xeral*

*M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello- interventora municipal*

*Mercedes Giráldez Santos- concelleira de Obras e Servizos*

*Secretaria: Paula Piñeiro Portela- técnica administración xeral*

*A secretaria xeral dá lectura á documentación achegada polos licitadores no rexistro de entrada do concello, que son os seguintes:*

- LOTE 1: non hai ofertas.*
- LOTE 2: oferta achegada por AURA ENERGÍA, S.L. (NIF nº B65552432).*
- LOTE 3: non hai ofertas.*

*Examinada a documentación administrativa achegada no SOBRE A pola única empresa que presenta oferta ao lote 2, e comprobado que é correcta, os membros da mesa de contratación acordan admitir á licitación ó único licitador presentado, procedendo á apertura do SOBRE B que contén a oferta económica, a cal é trasladada ós asesores técnicos para a súa avaliación que emiten o correspondente informe que consta como anexo a esta acta.*



*Polo exposto, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*\* Declarar deserto o lote nº 1 do contrato de subministración de enerxía eléctrica.*

*\* Propoñer á empresa 'AURA ENERGÍA, S.L.', con NIF nº B65552432, como adxudicataria do lote nº 2, debendo requirirlle documentación previamente á adxudicación do contrato.*

*\* Declarar deserto o lote nº 3."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e aprobar a acta do día 2.9.15 da mesa de contratación do servizo de "SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O CONCELLO DE CANGAS".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Contratación e Intervención.

## **B) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SITUACIÓN DE CONTAS DE AQUALIA NO REXISTRO MERCANTIL**

Vista a Resolución da Alcaldía do día 4.9.15, referente a solicitude de situación de contas de AQUALIA no Rexistro Mercantil, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a solicitude formulada polo concelleiro de Facenda e Urbanismo o día 21 de agosto de 2015, que literalmente dí:

*'SOLICITUDE DE SITUACIÓN DE CONTAS DE AQUALIA NO RESIXTRO MERCANTIL*

*Co fin de poder verificar o máximo posible as contas de Aqualia, que afecta ao custo do servizo de auga a Cangas e ante a situación creada diante da suba da taxa, faise necesario coñecer en profundidade a situación económica da UTE que realiza o servizo no noso municipio, para ver qué visos de solución ten o conflito creado.*

*Por iso, desde esta concellería propóñense as seguintes medidas, previo informe da existencia de fondos para o gasto correspondente, que se estiman nunha cantidade de SETENTA EUROS (70,00 €).*

*1.- Solicitar do Rexistro Mercantil a partires do mes de setembro, para que dea tempo a que rexistren as contas do exercicio 2014, os anos 2012, 2013 e 2014.*

*2.- Solicitar da xestora do servizo os datos actualizados da contabilidade de 2015, para os efectos procedentes, á data máis actualizada posible, 20 de xuño de 2015 ou posterior. ”*

Visto que a xestión dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración vinculados ao ciclo da auga do Concello de Cangas é competencia da 'UTE GESTIÓN CANGAS', en virtude do contrato de xestión do servizo público do ciclo integral da auga, mediante a modalidade de concesión, formalizado o 24 de outubro de 2014.

Visto que a 'UTE GESTIÓN CANGAS', está formada por 'FCC Aqualia, S.A.' e 'Civis Global S.L.', de conformidade coa escritura de constitución da sinalada 'Unión Temporal de Empresas', outorgada perante o notario do ilustre colexio de Madrid, Andrés González Nafria, o día 17 de outubro de 2014, baixo o número 3.994 de protocolo.

En virtude do artigo 21.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24.d) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Solicitar do Rexistro Mercantil as contas dos anos 2012, 2013 e 2014 da entidade denominada 'FCC AQUALIA, S.A.' (anteriormente denominada 'AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.') con CIF núm. A-26/019.922.  
SEGUNDO.- Solicitar á 'UTE GESTIÓN CANGAS', coma concesionaria do servizo do ciclo integral da auga, os datos actualizados da contabilidade de 2015, para os efectos procedentes, á data máis actualizada posible, 20 de xuño de 2015 ou posterior."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda tomar coñecemento da resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a solicitude de situación de contas de Aqualia no Rexistro Mercantil.

### **C) ESCRITO DIRIXIDO Á XEFATURA PROVINCIAL DE COSTAS S/DESAFECTACIÓN DE NAVES DA ZONA DE OJEA**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda solicitar da Xefatura Provincial de Costas de Pontevedra, información sobre o pedimento formulado, trala adopción do correspondente acordo plenario, de desafectación dos terreos das naves de Ojea e os contiguos, en particular interesa coñecer, para axilizar a preceptiva tramitación, se sería conveniente eliminar da delimitación a desafectar, as naves existentes na zona, ou ben, manter a delimitación inicial.

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente